

ORDENANZA FISCAL Num. 23

REGULADORA DA VENDA AMBULANTE

CAPITULO I- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1º.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante realizada en mercadiños e mediante vehículos, agás aquelas vendas que se efectúen co gallo da celebración das feiras e festas tradicionais.

Artigo 2º.

Enténdese por mercadiños a agrupación de postos desmontables destinados á venda de produtos alimentarios e doutro uso que se realiza en lugares e espazos determinados cunha periodicidade habitual establecida.

Artigo 3º.

A venda ambulante mediante vehículos comprende a realizada en camiós ou vehículos-tenda en zonas ou lugares determinados, quedando excluída a realizada por este medio por comerciantes con establecemento aberto no municipio.

Artigo 4º.

Tanto a venda en mercadiños coma en vehículos requirirá a obtención da previa autorización municipal.

Artigo 5º.

O Concello exercerá a intervención administrativa e as funcións de autoridade, policía e inspección sanitaria.

Artigo 6º.

A venda de artigos alimentarios só se permitirá sempre que reúnan as condicións hixiénico-sanitarias de calidade e pureza estipuladas nas normas que regulan as disposicións vixentes.

CAPÍTULO II - PROCEDIMENTO.

Artigo 7º.

Será competente para autorizar a venda en calquera das modalidades contempladas nesta ordenanza o alcalde-presidente da Corporación, ou o concelleiro en quen delegue.

Artigo 8º.

8.1) A autorización para o exercicio da actividade comercial debe ser solicitada polo interesado, ou o seu representante, e presentada no Concello, en impreso normalizado, no que se fagan constar os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, enderezo, núm. DNI ou pasaporte no caso de ser estranxeiro.
- b) Natureza da mercadoría que vaia expenderse,
- c) Metros liñais de ocupación que solicita para o caso de venda en mercadiños.
- d) Zona na que se pretende realizar a venda no suposto de que esta se realice mediante vehículo.

8.2) *Á solicitude deberá achegarse:*

- a) Fotocopia do DNI ou pasaporte no seu caso.
- b) Xustificante de estar dado de alta como traballador autónomo na Seguridade Social.
- c) Alta no epígrafe correspondente do IAE e encontrarse ao corrente no pago deste.
- d) Compromiso de que a persoa que fai a solicitude será o titular e responsable da autorización.
- e) No caso de venda de produtos alimentarios estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e da correspondente guía sanitaria.

8.3) As autorizacións para os estranxeiros estarán suxeitas á acreditación como requisito ineludible da posesión do permiso de traballo por conta propia expedido pola autoridade competente. En ningún caso, as autorizacións serán concedidas por tempo superior á vixencia do permiso de traballo.

Artigo 9º.

As autorizacións serán concedidas por un período igual ao ano natural no que se soliciten. As que se concedan serán intransferibles e os seus titulares poderán ser, persoas físicas, entidades ou sociedades legalmente constituídas.

Artigo 10º.

As autorizacións en xeral serán expedidas en documentos normalizados nos que constará a identificación do titular, produtos autorizados para a venda, indicación da situación do posto ou zona autorizada e data na que se poderá levar a cabo a actividade, levando adxunta unha fotografía do interesado.

Non se concederá ningunha autorización sen o previo pago da taxa e o prezo público correspondente na forma que dispoñen as ordenanzas fiscais respectivas.

As ditas autorizacións estarán colocadas no posto ou vehículo en lugar visible.

Quedan exentos do cumprimento do establecido neste artigo e no anterior, os vendedores eventuais de produtos do campo de produción propia, rexéndose polas mesmas normas que de costume.

Artigo 11º.

11.1) A inspección hixiénico sanitaria, así como de consumo dos artigos que a requiran, levarase a cabo polos servizos competentes municipais, que no seu caso tramitarán e propoñerán as correspondentes sancións.

11.2) Os servizos municipais velarán polo mantemento da orde e do cumprimento polos usuarios das presentes normas, así como das que no sucesivo se diten sobre a materia.

11.3) O alcalde-presidente ditará os bandos e circulares que sexan precisos para o desenvolvemento ou interpretación do presente regulamento.

CAPÍTULO III - NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

Artigo 12º.

Só se permitirá o despacho ao público, no posto autorizado ou no vehículo, ao seu titular, cónxuxe, descendentes directos ou persoas vencelladas a el por contratos laborais.

Artigo 13º.

Será de carácter obrigado o marcado de prezos en todos os produtos destinados á venda, de tal xeito que o posible comprador quede informado pola soa lectura do anuncio, sen necesidade de obter información complementaria.

Artigo 14º.

O prezo máximo de venda ao público debe comprender a cantidade total que o comprador ha de satisfacer. Na venda a granel a unidade de peso ou medida quedará claramente especificada, para

estes efectos só serán admitidas como unidades válidas o quilogramo, o metro e o litro, non autorizándose as determinacións de prezos en unidades fraccionadas.

Artigo 15º.

Na venda de produtos alimentarios, ademais de estar en posesión do carné de manipulador, o persoal ha de ter en todo momento a máxima pulcritude no aseo.

Artigo 16º.

Os alimentos depositaranse en calquera medio de exposición que impida, en todo momento, o seu contacto co chan e evitando tamén a exposición a raios solares. Os alimentos sen envases permanecerán fóra do alcance do público e de non ser posible será obrigado o uso de carteis que prohiban tocalos.

Artigo 17º.

Queda totalmente prohibido utilizar como envoltura de alimentos, papel de xornal, papel impreso, etc.

Os alimentos vendidos en peza serán despachados en bolsas de plástico. En caso de ser partidos serán envoltos en papel aluminio ou similar.

Artigo 18º.

Non está permitida a venda de carnes, aves, caza, etc, frescas, refrixeradas ou conxeladas, así como de produtos lácteos e derivados destes, bolos recheos, etc, e en xeral, de todos os produtos que precisan frío para a súa conservación idónea, agás que estean depositados en vehículos de temperatura dirixida.

Artigo 19º.

Os vendedores ao final de cada xornada laboral serán responsables da limpeza de residuos e aseo xeral dos lugares ocupados por eles.

Artigo 20º.

É obriga dos vendedores con carácter xeral:

- a) O pago dos gastos correspondentes ás tarifas que correspondan en cada caso.
- b) Acatar e realizar todas as medidas que a alcaldía estime oportunas, para a mellor orde e servizo.
- c) Cumprir todas as condicións e prescricións establecidas nesta ordenanza, e demais disposicións legais que fosen de aplicación.

d) Para o caso de mercadoño, velar pola boa orde, limpeza, conservación e mantemento das instalacións.

CAPÍTULO IV - DA VENDA EN MERCADIÑOS.

Artigo 21º.

- a) Emprazamento. Na actualidade o mercadoño instalárase no soto da Praza da Constitución e na rúa dos Pepes. Non obstante, estas normas serán de aplicación para calquera mercadoño que no futuro se poida crear en calquera punto do municipio.
- b) Días de mercadoño. Os días de celebración de mercadoño serán os martes e os venres, non festivos, de cada mes, agás o martes que coincida co Feirón.
- c) Horario. O horario de funcionamento será de 8,00 a 15,00h nos días expresados. A dita actividade poderá ser modificada pola alcaldía.

Artigo 22º.

Os mostradores dos postos de venda ao público terán un máximo de 10m liñais de lonxitude e un mínimo de 2m.

CAPÍTULO V - ARTIGOS AUTORIZADOS PARA A VENDA.

Artigo 23º.

As modalidades de venda permitida son:

23.1 Alimentación:

- Froita.
- Pan (registro sanitario).
- Bolería autorizada.
- Queixos curados etiquetados.
- Froitos secos.
- Embutidos.
- Carnes curadas e salazóns (registro sanitario).
- Patacas, hortalizas e verduras.

23.2 Xeral:

- Produtos téxtiles.
- Calzado.
- Bazar.
- Bixutería.
- Xoguetería.
- Libros.

23.3 Típicos:

- Apeiros de labranza.
- Cerámica.
- Artesanía en xeral.

23.4 De temporada:

- Árbores froiteiras.
- Plantas de xardín.
- Bulbos.
- Flores.

CAPÍTULO VI - RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 24º.

O incumprimento das normas e obrigas recollidas nesta ordenanza será sancionable con:

- a) Multa de ata **90,15 €**.
- b) Revogación da licenza sen indemnización e inhabilitación para a obtención dunha nova durante o prazo de 2 anos, en caso de reincidencia ou falta considerada como grave a xuízo do órgano decisor.

Artigo 25º.

No suposto de venda en vehículos, a falta da percetiva autorización municipal, sen prexuízo do establecido no artigo anterior, dará lugar ás seguintes sancións.

- a) Multa de **150,25 €** para o primeiro requirimento.
- b) Multa de **300,51 €** para o segundo requirimento.
- c) No suposto de reincidencia, exerceranse as accións xudiciais pertinentes por desobediencia á autoridade.

Artigo 26º.

A iniciación de calquera procedemento sancionador levará aparellada, como medida cautelar, a requisa da mercadoría, de existiren sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde física dos consumidores ou compradores.

Artigo 27º.

O procedemento sancionador iniciarase coa denuncia dos axentes municipais ou de calquer outra persoa física ou xurídica, ou de oficio. Previa audiencia ao interesado e informe do concelleiro

delegado, será resolto pola Xunta de Goberno Local.

CAPÍTULO VII - INSTALACIONES DO MERCADIÑO.

Artigo 28º.

O mercadiño contará con dotación de infraestrutura e equipamento que garante as instalacións axustadas ás normas vixentes, sobre sanidade, hixiene e medio urbano. Cumprirá as seguintes esixencias:

- a) O mercadiño estará montado sobre superficie alcatranada, será regada, antes e despois da celebración deste.
- b) Dentro da súa superficie ou anexa inmediata a el, existirán colectores destinados á recollida de residuos da actividade comercial.
- c) O mercadiño contará con servizos públicos de uso masculino e feminino, debidamente diferenciados, provistos de auga corrente.
- d) Existirá unha báscula de repeso para controlar as posibles fraudes nese sentido.
- e) Aqueles establecementos nos que sexa posible estarán provistos de follas de reclamacións de carácter oficial.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

A presente ordenanza entrará en vigor, despois de que sexa publicado integramente o seu contido no *Boletín Oficial da Provincia* e teña transcorrido o prazo previsto no **artigo 65.2 da Lei 7/85**.